

Viaxe a Madrid. 1º de Bacharelato

Aquel mércores, no que xa expiraba o mes de Marzo, á noite, saímos cara Madrid. Maletas e bolsas antes esparexidas, ían asentándose na parte baixa do autobús. A través dos cristais, por un lado, alumnos faladores, excitados; ó outro, unha comitiva de pais que axitando as mans a xeito de despedida xa que non contaban vernos ata transcorridos tres días.

A viaxe foi tranquila, só perturbada polas paradas necesarias e os verdes e chamativos letreiros que nos sinalaban que, pouco a pouco, nos acercabamos ó noso destino. Os apacibles sonos dos compañeiros, coma maná caído no deserto, eran envexados polos que buscaban este estado para combati-lo cansanzo da viaxe. Algunhas conversas esmorecían co percorrer das agullas do reloxo, que implacables pregoaban, cando aínda as tebras nos engullían na súa escuridade, a pronta aparición dun novo día.

Coa nosa chegada ó Instituto Antonio Machado tras deixá-la equipaxe no aloxamento, empezaron os nervios dos nosos "penfriends". O festival que nos foi ofrecido resultou moi divertido e estivo aliñado pola colaboración forzosa de profesores e compañeiros do IES Cabo Ortegal. Co remate do festival chegaron as presentacións, e con elas, os arroibos nas caras dos alumnos de ámbulos centros, para dar paso de seguido ás competicións deportivas. O noso equipo de fútbol sala amosou a súa superioridade, e trala victoria, os nosos compañeiros do IES Antonio Machado ofrecéronnos algo de comer, e algúns acompañáronnos no noso percorrido e visitas por Alcalá de Henares. O remata-la visita, quedamos no noso aloxamento, e celebramos unha pequena festa convxunta.



Ó día seguinte adicámoslo a visita-la capital e percorre-lo zoo pola mañá, e a asistir a dousas sesións, impresionantes en tódolos aspectos, no cine IMAX; e chegar a tempo de participar como público no peculiar, divertido e famoso programa *El Informal* pola tarde-noite. O certo é que durante o programa non tivemos tempo de aburrirnos, como xulgarían moitos polas nosas caras sorrientes. E como lembranza ó seu lugar natal, un compañero tivo a ben encinar unha camiseta na que

todos puideron ler, aínda que non tantos entender un "FEÁS MOLA MÁS" que destacaba sobre o fondo branco e que de seguida captou a atención da cámara.

O día da nosa marcha aproveitamos para visitar o Museo Nacional de Historia Natural e o Centro Comercial de La Vaguada, un cúmulo de tendas ideais para perderse de vez en cando coa tarxeta de crédito.

Despois de xantar, deixamos tal vez cunha pouca de mágoa, a cidade que nos recibira sonolentos tres días antes, escuchando un estúpido programa de radio matinal, para dirixirmos á nosa Galicia natal, e repousa-los ollos nos seus lenes macizos, cansos das extensas e interminables chairas de Castela. Ó chegar, Cariño acolleunos nas tebras da noite do primeiro de Abril, e a nosa cama converteuse nun lene e doce recibimento.

Leticia Ferro Rubido 1º bach A